


Expectativas hoteleiras. 1º trimestre 2007

COMUNICADO


A maioría dos responsables de hoteis e hostais de Galicia esperan estabilidade na ocupación para o 1º trimestre de 2007

O 50,9% dos responsables de hoteis e hostais galegos esperan estabilidade no grao de ocupación no 1º trimestre de 2007.

Os responsables de hoteis e hostais de Galicia ven o comezo do ano 2007 con certo pesimismo, que se traduce nas expectativas formuladas nos niveis de ocupación para o 1º trimestre de 2007. Así, o 41,5% dos responsables dos hoteis e hostais galegos manifestan que a ocupación no 1º trimestre de 2007 será inferior á acadada no trimestre que agora remata, mentres que soamente o 7,6% opina que o grao de ocupación aumentará no próximo trimestre. O 50,9% maniféstase cara á estabilidade dos niveis de ocupación precedentes.



As previsións son acadar un aumento progresivo da ocupación ao longo do 1º trimestre do ano 2007, invertendo a evolución prognosticada para o último trimestre do ano que agora remata.



Igual que sucedeu en trimestres anteriores, na opinión dos responsables dos hoteis e hostais de Galicia, esta ocupación está principalmente influenciada por factores externos e pouco controlables polo propio sector, como son a situación económica xeral ou a competencia que supoñen outros destinos turísticos. Destaca o aumento da importancia outorgada aos factores climatolóxicos na súa influencia na futura ocupación do 1º trimestre de 2007, en comparación ca indicada con anterioridade para o trimestre que agora remata.

Factores influentes. 1º tr. 2007

(Resposta múltiple)

Conceptos	%
Situación económica xeral	67,5
Competencia doutros destinos	32,4
Factores climatolóxicos	53,4
Promocións turísticas	8,7
Calidade espazo turístico	7,4
Calidade servizo nos establecementos	1,1
Outros	19,8

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Pola contra, entre os factores que se consideran menos influentes no grao de ocupación atópanse os conflitos internacionais e a inseguridade cidadá.

Factores non influentes. 1º tr. 2007

(Resposta múltiple)

Conceptos	%
Conflitos internacionais	67,6
Inseguridade cidadá	55,8
Prezos do transporte aéreo	17,2
Prezos de contratación	9,6
Redución da estadia media	6,4
Factores climatolóxicos	4,5
Política dos Tours operadores	15,7
Outros	23,4

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Previsión de estabilidade nos prezos, investimento privado e emprego para o 1º trimestre do 2007

A evolución prevista para o 1º trimestre de 2007 para as principais variables de decisión dos responsables dos hoteis e hostais de Galicia é, na súa maioría, cara á estabilidade e mantemento dos niveis actuais.

En canto ao prezo das prazas hoteleiras, o 74,9% dos responsables de hoteis e hostais de Galicia indican unha tendencia cara á estabilidade dos mesmos. A porcentaxe daqueles que indican unha tendencia cara ao aumento é dun 14,1%, maior co 11,0% correspondente a aqueles que se decantan cara ao descenso dos prezos das prazas hoteleiras ao longo do 1º trimestre do 2007.

No caso do investimento privado, o 62,9% dos hoteis e hostais sinalan unha tendencia cara á estabilidade dos niveis precedentes. Pola contra, o 29,5% dos mesmos indican unha tendencia cara ao aumento. O 7,6% restante sinala unha tendencia cara ao descenso dos niveis de investimento privado nos hoteis e hostais de Galicia.

A evolución prevista no emprego dos establecementos hoteleiros mencionados é no 74,1% dos casos cara á estabilidade, se ben o 20,2% indica unha tendencia cara ao descenso do mesmo. O 5,7% restante se sitúa cara ao aumento do emprego nos hoteis e hostais de Galicia.

Evolución dos prezos, investimento e emprego (%). 1º trimestre 2007

	Aumento	Estabilidade	Descenso
Prezos das prazas hoteleiras	14,1	74,9	11,0
Investimento privado	29,5	62,9	7,6
Emprego	5,7	74,1	20,2

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981 54 13 23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>